

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A
CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2025.**

ASISTENTES

ALCALDESA

Ana M^a López Fernández

CONCELLEIROS/AS

GRUPO PP

Alberto Balado Ramonde

Laura García Ruíz

Miguel A. Pérez Fraguela

GRUPO PSG-PSOE

Jonathan I. Miranda Lucas

M^a José Fraguela López

Carlos Fraguela Pernas

GRUPO BNG:

Carlos Castro Durán

Nuria Oliveira Álvarez

Pablo Fraguela Casás

AUSENTES:

Miriam Rodríguez Fernández

SECRETARIA ACCTAL

M^a Dolores Crego López

INTERVENTORA :

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do vintecinco de setembro de 2025, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria Acctal. da Corporación, M^a Dolores Crego López. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben

ORDE DO DIA:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:
31/07/2025 E 08/09/2/2025.**

**2°.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 301/2025 de 23/07/2025 a 362/2025 de 19/09/2025**

3°.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2024 (2025/T017/000001).

4°.- MOCIÓNS

**5°.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA LAURA
GARCIA RUIZ (EXPDTE 2025/X006/000135).**

6°.- ROGOS E PREGUNTAS

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓNS ANTERIORES: 31/07/2025
E 08/09/2025**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ás actas das sesións enviadas a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

O Concelleiro Carlos Durán di que no punto de rogos e preguntas, preguntou cando se ia facer unha reunión sobre o cambio de nome das rúas, pola Lei de Memoria Histórica, e na acta pon Democrática, polo que di que cómpre correxila.

En canto á do día 8 de setembro, Jonathan Miranda di que o nome do Concelleiro Carlos Pernas Fraguera, figura cos apelidos cambiados, polo que tamén cómpre correxila.

Coas correccións indicadas, sométese a votación a acta do 31 de xullo, resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes. A continuación sométese a votación a acta do 8 de setembro, que tamén resulta aprobada por unanimidade.

**2°.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 301/2025, DE 23/07/2025 AO 362/2025, DE 19/09/2025.**



O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2024 (2025/T017/000001).

Vista a proposta da Alcaldía de data 22/09/2024 que di:

“Vista a Conta Xeral do exercicio 2024, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2024, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

Visto que se remataron os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas deste Concello en sesión celebrada en data 28/08/2025 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2024.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 165, de data 01/09/2025, a Conta Xeral –xuntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público e os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que non se formularon alegacións á Conta Xeral, segundo consta no certificado de Secretaría de data 22/09/2025.

Esta Alcaldía eleva ao Pleno corporativo a seguinte proposta de

ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2024, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.*

SEGUNDO: *Dar conta da relación de reparos formulados pola Intervención municipal durante o exercicio 2024.*

TERCEIRO: Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.”

En primeiro lugar intervén D. Carlos Durán que di que van votar a favor para non ter máis problemas. Di que repasaron os reparos que hai (máis de inte) que superan os setecentos cincuenta mil euros, e que non se debería chegar a iso, supón que será por non ter orzamentos, aínda que tamén os hai por aprobarse fóra do tempo legalmente establecido (limpeza, saf, etc), e pide que no sucesivo haiba os menos posibles.

O Concelleiro Jonathan Miranda, di que o seu grupo vai votar a favor. Di que lle chama a atención que en ingresos bota en falta a recadación por a compensación de telefónica, e pregunta se non se recadou nada. Asimesmo a recadación do Saf que ven da Xunta, con respecto a 2023 baixou en case cen mil euros. Por outro lado di que temos un remanente de un millón de euros e pide que se utilice, que é necesario, e que o seu grupo aprobaríao.

A Sra. Alcaldesa en relación ao remanente di que non se pode utilizar para non romper a regra de gasto, que de momento non está permitido, non como cando foi do Covid.

O Sr. Miranda dille pode preguntar cómo fan noutros concellos veciños que teñen remanente incluso superior e sí o utilizan, por exemplo para un coñecido festival.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2024, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.

SEGUNDO: Dar conta da relación de reparos formulados pola Intervención municipal durante o exercicio 2024.

TERCEIRO: Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4º.- MOCIÓN

MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG O PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) 2025/X006/000137

Carlos Castro Durán, lee a moción presentada polo seu grupo que se transcribe a continuación:

“Carlos Castro Durán, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Cariño ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema público de atención á dependencia en Galiza está a sufrir un preocupante proceso de desmantelamento, como vén denunciando insistentemente o BNG no Parlamento galego. Lonxe de garantir os dereitos das persoas dependentes, a política da Xunta de Galiza —baixo o goberno do Partido Popular— está centrada nun modelo asistencialista e privatizador que empobrece o servizo público e devolve os cuidados ao ámbito doméstico, recaendo maioritariamente sobre as mulleres.

Na actualidade, máis de 2.000 persoas en Galiza agardan pola valoración da dependencia, duplicando o tempo que marca a propia Lei de Dependencia. A media de espera sitúase nos 361 días, o que fai de Galiza a cuarta comunidade co maior atraso para acceder ás prestacións.

Ademais, Galiza é o territorio que menos inviste por persoa dependente: 1.317 euros ao ano, fronte aos case 2.000 da media estatal e moi lonxe dos 2.900 euros que inviste o Goberno vasco. Este infra-investimento tradúcese en recortes de servizos esenciais, substituídos por axudas precarias que non garanten o dereito das persoas maiores e dependentes. No primeiro semestre de 2025, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) perdeu 1.026 persoas usuarias, e os centros de día, case 3.000. Mentres, as axudas asistencialistas incrementáronse en máis de 6.000, cunhas cantidades que non superan os 400 euros mensuais, menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional.

O recorte orzamentario destinado ao SAF é especialmente grave. Só nos meses de maio e xuño, a Xunta retirou 17 millóns de euros deste servizo: 5 millóns en maio e 12 en xuño. O SAF está ao bordo do colapso por falta de financiamento, como veñen denunciando os concellos, a FEGAMP e o propio BNG. No último Pleno do Parlamento, o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG para elevar o financiamento do SAF até os 20 euros por hora, unha medida fundamental non só para garantir unha atención digna ás persoas usuarias e unhas condicións laborais xustas para as traballadoras, senón tamén para aliviar a carga económica que os concellos están a asumir por unha competencia que lles é impropia e que a Xunta non financia de maneira responsábel nin suficiente.

Por primeira vez, hai máis persoas dependentes en Galiza pagando unha residencia

privada que ocupando unha praza pública ou concertada. Máis de 7.400 persoas reciben unha axuda de entre 361 e 420 euros ao mes, mentres o custo medio dunha residencia supera os 2.000 euros. Isto facilita que empresas privadas absorban as axudas públicas e incrementen os prezos, vulnerando un dereito fundamental. O modelo do Partido Popular persegue dous obxectivos: devolver os coidados ao fogar e que os asuman, de novo, as mulleres. Segundo datos da propia Xunta, o 82% das persoas coidadoras no domicilio son mulleres que, en moitos casos, teñen que renunciar á súa vida laboral para atender familiares dependentes.

Fronte a estas políticas regresivas, o BNG reafirma o seu compromiso cun sistema público de coidados que garanta unha vellez digna e os dereitos das persoas dependentes, como parte fundamental do estado do benestar.

Ante esta situación, é imprescindible que o Pleno desta Corporación se posicione en defensa do sistema público de atención á dependencia e esixa á Xunta de Galiza un cambio radical nas súas políticas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.

Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.

Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.

Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.

Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.

Manifestar o compromiso do Concello de Cariño coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.

Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.”

Intervén en primeiro lugar a Sra Alcaldesa que di que o seu grupo apoiaría a moción se se inclúe a seguinte enmenda:

“Dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.- Cumpra co establecido na Lei de Dependencia e asumir o financiamento do 50 % do custo dos servizos e prestacións, garantido un reparto equitativo dos recursos entre o Goberno de España e as Comunidades Autónomas.
- 2.- Abonar de maneira inmedita a débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500 millóns de euros, permitindo así fortalecer o sistema de atención á dependencia na nosa Comunidade.
- 3.- Incrementar os fondos destinados ás Comunidades Autónomas para a atención á dependencia, asegurando que todas as persoas con dereito a prestacións poidan acceder a elas sen demoras inxustificadas
- 4.- Establecer un plan de financiamento estable e plurianual que permita ás Comunidades Autónomas planificar e mellorar os servizos de dependencia con previsibilidade e seguridade orzamentaria”

O portavoz do BNG di que non queren engadir enmenda ningunha á moción xa que o Sr. Rueda renunciou á condonación da débeda.

A Sra. Alcaldesa di ao grupo do BNG que o seu deputado no goberno central debería reclamar con máis forza que lle den a Galicia os cartos que lle corresponden, pois así os concellos tamén estarían mellor.

O Concelleiro do BNG, Pablo Fraguela, explícalle á Sra Alcaldesa cómo é que o Presidente da Xunta de Galicia, renunciou á condonación da débeda do Estado, e ésta en que se o Estado ingresara o que deben a Galicia, os concellos estarían moito mellor. Continua o Sr. Fraguela decindo que a Fegamp está negociando para que se suba a 20 €/hora o servizo de axuda no fogar, que aínda así non sería suficiente, pero esperan chegar a acordos.

Prodúcese un cruce de intervencións entre os concellerios do Grupo do BNG e a Sra. Alcaldesa sobre se a competencia é autonómica ou non, e sobre o pago da débeda do Estado a Galicia, pechando a intervención D. Carlos Durán que lembra que o propósito da moción é pedirlle á Xunta que é a administración competente, e logo que sexa ésta quen lle reclame ao Estado os fondos que considere.

Intervén o portavoz do Grupo Socialista e di que a Xunta de Galicia votou en contra da condonación da débeda e léelle un informe do sector do Servizos Sociais sobre a situación, e

di que o goberno de Pedro Sánchez incrementou un 150 % a aportación á dependencia e a Xunta reduxo. Di que a Fegamp emiteu un informe sobre o custo dos servizos prevendo unha financiación ao 50-50 %, pero a realidade é que a Xunta financia o 30 %, e os Concellos e o Ministerio outro 30 % cada un. Di que si se incrementara a financiación mellorarian as condicións de traballo das traballadoras e traballadores do Saf. Di que a Xunta está a facer a política de “eu invito e ti pagas”. O mesmo ocorre no caso do Pai, se costa uns sesenta mil euros ao ano, e nos dan uns vinte mil, a diferenza tena que poñer o Concello, e logo din que a gratuidade é grazas á Xunta.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcadesa somete a votación a moción, e o Pleno Corporativo por seis votos a favor (BNG e PSOE) e catro votos en contra (PP), ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.

SEGUNDO.- Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.

TERCEIRO.-Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.

QUINTO.- Manifestar o compromiso do Concello de Cariño coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.

SEXTO.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP

5º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA LAURA GARCIA RUIZ (EXPDTE 2025/X006/000135).

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 22/09/2025 que establece:



“ Visto o escrito presentado en data 16/09/2025 pola concelleira Laura García Ruiz, renunciando á súa condición de concelleira do Concello de Cariño, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación de data 17/06/2023 ao ser proclamada electa coa candidatura presentada polo Partido Popular, na que ocupaba o posto número un (3), e de conformidade co previsto na lexislación electoral e de réxime local, así como na Instrucción da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras os emite o seguinte DITAME:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por Laura García Ruiz en data 16/09/2025 á súa condición de concelleira do Concello de Cariño e a todos os demais cargos que exerce, derivados desta condición.

SEGUNDO: Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato seguinte”

A Sra. Alcaldesa dalle a palabra á concelleira que renuncia, e di que tivo que renunciar por motivos persoais.

A Sra. Alcaldesa manifesta o seu agradecemento polo traballo realizado durante este tempo, a súa implicación e esforzo en traballar polo pobo

O Pleno corporativo, por unanime dos seus membros, toma coñecemento da renuncia de José Miguel Alonso Pumar.

A continuación abandona a sesión.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

En primeiro lugar, Carlos Castro Durán, portavoz do BNG, formula as seguintes preguntas e rogos:

- 1.- Roga que se transmitan os plenos á cidadanía.
- 2.- Como van os traballos de roce polas parroquias? O Concelleiro Alberto Balado, di que van en boa marcha.
- 3.- Temos calendario das obras do pavillón municipal? A Alcaldesa dille que quedou deserta a licitación e



que se vai volver a licitar de novo

4.- No pasado pleno ante a pregunta, se houbo avances co tema de Marcultura en Sismundi, a alcaldesa dixo que non vos deran solución en Costas. Rogamos que se busquen outros camiños para retirar todos eses refugallos da zona e que a veciñanza poida ter un lugar de lecer nesa zona. A Alcaldesa di que unha empresa contactou co concello para informar da limpeza de uns refugallos nesa zona de costa , pero non se trataba dos de Marcultura

5.- Dada a renuncia da arquitecta, en que situación está servicios técnicos? Vaise solicitar asistencia da Deputación ou vaise sacar unha praza? A Alcaldesa di que en principio se vai solicitar asistencia á Deputación.

6.- Tráballouse algo para sacar adiante o PXOM e o PEPRI? A alcaldesa di que segue igual

7.- Tedes pensado facer algo coa pasarela que vai desde o cobertizo ata o paseo e que está nun estado moi perigoso? A Alcaldesa e o Concelleiro Alberto Balado, din que vaise sacar.

8.- Neste outono haberá avances co tema da Relación de Postos de Traballo? Di a Alcaldesa que se está valorando

9.- Gustaríanos saber en que situación se atopa a reversión dos terreos que Portos de Galiza ao Concello. A Alcadesa di que segue igual, e que como agora as competencias de Costas son da Xunta, ten que solicitarlles unha reunión.

10.- Cando se poderá facer unha reunión sobre o cambio de nome das rúas, pola Lei de Memoria Democrática? Di a Alcaldesa que se a ver si se pode facer en breves

11.- Hai algunha comunicación da Consellería de Educación con respecto ao nome do colexio? A Alcaldesa di que non houbo ningunha

12.- No pasado pleno comentamos o mal estado da cubrición temporal plástica que tiña o edificio do cine da Solana e pedimos que o concello instara á propiedade a tomar as medidas necesarias de cobertura que permitan a conservación do inmovible. Houbo movementos para poñerse en contacto coa propiedade? A Alcaldesa di que non se fixo nada ao respecto

13.- Como está a situación das pragas no Concello? A Alcaldesa di que de momento está solucionado, e

que desde a empresa que fixo a desinfección dixeron que non era unha praga en sí.

14.- Vendo a solicitude de subvención para a contratación de persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil, queremos preguntar cales serán as tarefas nas que pensades que vaian a elaborar o seu traballo. A Alcaldesa di que se soliciotu para dous peóns de limpeza e outra para traballos de apoio administrativo

15.- Queremos pedir que se active o Consello de Participación Veciñal que recolle o capítulo 8 da Ordenanza Reguladora da Participación Veciñal. (5/7/2013) BOP 127, invocando para o próximo pleno a competencia exclusiva que ten o Pleno do Concello para crealo, modificalo e suspendelo. Gustaríanos poder presentalo neste curso político porque entendemos que pode contribuír dunha maneira moi práctica con iniciativas, propostas ou suxerencias para tratar nos distintos órganos municipais. O artigo 25 sinala como mínimo, dúas reunións ao ano pero estaría ben, baixo o noso punto de vista, cadrar unha cada 2 meses ou polo menos cada 4, para ser máis dilixentes. A Alcaldesa dí se mirará

16.- Despois do acordo que saíu da FEGAMP sobre o xenocidio de Gaza, queríamos ver a posibilidade que formar parte, Cariño, das concentracións que se fan os luns cada 15 días, coordinados pola Coordinadora Galega de Solidariedade coa Palestina. Parécenos interesante ese momento no que todas as forzas políticas entenden que é unha situación insoportable. Realízanse desde hai dous anos en Ferrol, demasiado lonxe para esta zona. En Cedeira empezouse a facer hai unhas semanas e en Ortigueira vanse unir tamén. Abrimos a porta a reunirmos para comunicarnos coa Coordinadora e unirmos ás concentracións para pedir que remate esta barbaridade.

17.- Por outra banda, queremos pedir tamén o apoio para animar á cidadanía que acuda o día 5 de outubro a Compostela, onde se vai celebrar unha manifestación que pida o remate destes 2 anos de xenocidio que está a cometer o goberno de Israel.

A continuación intervén o portavoz do PSOE, Jonathan Miranda, que formula as seguintes preguntas e rogos:

En primeiro lugar, manifesta a súa preocupación pola obra do Polideportivo, que como se dixo antes quedou deserta e tense que volver a licitar.

Unha vez máis pide na gravación das sesións plenarias en video para que a veciñanza as poida ver en streaming,, e pide que cando menos, se suban as actas en Pdf á páxina web.



Roga que se cumpla a lei e se atenda á varias solicitudes de documentación e reunións feitas por parte do seu grupo, e que non tiveron resposta, pois eran de temas relevantes como o cambio de denominación de rúas, o centro de día, o saf, etc.

Logo de ver que que estamos sen servizo de Arquitecta/o, preguntan quen se vai facer cargo dos expedientes pendentes de urbanismo, non só das licencias senón do Pxom e do Pepri. A Alcaldesa di que se vai pedira axuda á Deputación.

Roga que nos anuncios de actividades que se organicen desde o Concello se utilien os logos oficiais correctamente (por exemplo substituir o logo do Proxecto de Xeoparque polo de Xeoparque)

Roga tamén que se actualicen as publicacións na web das analíticas da auga, xa que a última é de xuño.

Pregunta se en Cariño se vai organizar algunha charla sobre comunidades enerxéticas locais como se están facendo noutros Concellos organizados por Seitura 22. A Alcaldesa di que non está prevista ningunha aquí.

Pregunta cómo está o da Rúa Río Miño, Río Sor e Sanchola e a Alcaldesa di que se vai aprobar o modificado do proxecto.

Pregunta se o Concello ten un plan de licitacións de obras pendentes que se foron incluíndo en diferentes plans de obras. A Alcaldesa di que non, que agora estase a facer a pista do Pousadoiro que é do Agader.

Pregunta tamén o por qué aínda se adjudicou en agosto o desbroce de pistas cando se tiña asinado o convenio coa Xunta desde o 23 de abril. A Alcaldesa di que nunha primeira licitación non se presentaran ofertas e houbo que sacalo de novo.

Logo de ver na prensa que Portos abordaría despois do verán a reversión de terreos dos últimos oito concellos que o solicitaran, pregunta se este Concello está entre eles, se houbo algún avance ao respecto ou se teñen data para a unha reunión. A Alcaldesa di que Cariño non está neses Concellos e non hai datas previstas para a reunión.

No verán veuse varias veces que se facía a recollida de lixo con camións doutros Concellos, e preguntan o motivo. A alcaldesa responde que foi porque o noso estaba averiado, que tiña o fondo roto, polo uso indebido que se fai do mesmo, xa que se botan ao lixo cousas que non procede.

Continuando co tema do camiión do lixo, preguntan que pasou coa subvención que nos concederan para a adquisición de un camiión para a recollida de residuos, que anunciaran nas redes sociais. A Alcaldesa responde que era para outro tipo de residuos e que non se vai adquirir entre outras cousas porque houbo que destinar os cartos da aportación municipal á obra do Polideportivo.

A continuación a Alcaldesa dalle a palabra á presidenta da Asociación de Veciños do Concello de Cariño, que así o tiña solicitado que pasa a ler o seguinte escrito, que se reproduce de forma literal:

Eu, M^a del Carmen Villarnovo Anido, en calidade de presidenta da Asociación Veciñal do Conello de Cariño, solicito que conste en acta do pleno municipal que se celebra hoxe, 25 de setembro de 2025 ás 20:00 horas, o seguinte:

1.- Situación do verán

Queremos deixar constancia do sucedido este verán, no que Cariño non estivo preparado para recibir a cantidade de xente que chegou. Non o dicimos en negativo, porque é unha sorte que o noso pobo atraia vistantes, senón pola falta de previsión; contedores cheos, lixo acumulado nas rúas, caravanas por todas partes, aparcamentos caóticos nas praias e no pobo, falta de seguridade e mesmo escaseza de auga potable. Todo isto deixou a sensación de que o concello quedou totalmente desbordado e, máis alá do desbordamento, pola falta total de reacción, una inacción visible para toda a veciñanza e tamén imposible de ocultar para o propio goberno municipal.

2.- Creación dun punto limpo

Volvemos a insistir na creación dun punto limpo, como xa se solicitou en reiteradas ocasións. Trátase dunha infraestrutura básica e imprescindible para un concello como o noso, que serviría para mellorar a xestión dos residuos, coidar a imaxe do pobo e preservar o noso entorno. Sen este servizo, estamos condenados a ter verquidos incontrolados, como xa se poden observar en varios puntos do concello.

Cómpre lembrar que esta reclamación conta cun respaldo legal: a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, regula nos seus artigos 37 e 38 a obrigatoriedade de garantir a existencia de puntos limpos municipais para a recollida separada de residuos. Ademais, a súa posta en marcha implicaría tamén a integración do concello no Sirga (Sistema de Residuos de Galicia) ferramenta oficial da Xunta que permite controlar, rexistrar e facer un seguimento transparente dos fluxos de residuos, garantindo así unha xestión máis responsable e acordo coa normativa vixente

3.- Centro de día

Queremos tamén deixar constancia da nosa preocupación pola falta de avances no proxecto do Centro de día de Cariño. É a terceira vez consecutiva que se trae a pleno e seguimos sen resposta. A oposición xa presentou unha moción conxunta pedindo información clara sobre a situación real e como se pode levar a cabo. Non pedimos imposibles, pedimos información e vontade política.

O coidado das persoas maiores é xa de por sí dificultoso, e máis aínda en períodos como as vacacións, cando as familias teñen que facer malabares para conciliar, como se comprobou este último mes. O centro de día non pode seguir sendo unha promesa adiada: é unha urxencia social e unha necesidade



real que afecta á calidade de vida de veciñanza.

Conclusión

Desde a Asociación Veciñal do Concello de Cariño queremos deixar claro que non vimos a calar nin a resignarnos: vimos a propoñer, a lembrar e a esixir o que nos corresponde como veciños e veciñas de Cariño. E se non hai resposta, nin activiade, nin motivación por parte deste goberno, teremos que saír á rúa a pedilo nós, porque non imos renunciar ao que nos corresponde como pobo.

Sen outro particular, Cariño, 25 de setembro de 2025.

Asinado. M^a Carmen Villarnovo Anido, Presidenta da Asociación Veciñal do Concello de Cariño.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e dez minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana M^a Fernández López

A Secretaria Acctal.
Asdo.- M^a Dolores Crego López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE